

ADMISIÓN DE ESTUDANTES CON ESTUDOS UNIVERSITARIOS INICIADOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO OU NOOUTRA UNIVERSIDADE ESPAÑOLA

O artigo 29.1 do R.D. 412/2014, de 6 de xuño (BOE de 7 de xuño), polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao dispón que as solicitudes de prazas de estudantes con estudos universitarios oficiais españois parciais que desexen ser admitidos noutra universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois e se lles recoñeza un mínimo de 30 ECTS de acordo co disposto no artigo 6 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, serán resoltas polo Reitor da Universidade, de acordo cos criterios, que para estes efectos, determine o Consello de Goberno de cada universidade.

En cumprimento do recollido no mencionado artigo, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo en reunión celebrada o 23 de xuño de 2015, adopta o seguinte

ACORDO

1. As regras contidas nesta normativa serán de aplicación a estudantes con estudos universitarios oficiais españois iniciados en centros da Universidade de Vigo ou noutros centros universitarios españois que desexen continuar os mesmos ou outros estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que lles sexan recoñecidos un mínimo de 30 ECTS, de acordo co disposto no artigo 29 do R.D. 412/2014 e no artigo 6 do R.D. 1393/2007 modificado polo R.D. 861/2010 do 2 de xullo respectivamente.
- b. Cumprir os requisitos establecidos nas normas de permanencia que lle sexan aplicables.
- c. Non obter o título nos estudos de procedencia con anterioridade ao curso académico para o que se solicita a admisión.

2. O alumnado que non cumpra os requisitos sinalados no apartado anterior, poderá solicitar praza na titulación correspondente, seguindo o procedemento xeral de admisión establecido na normativa vixente (preinscrición). Queda exceptuado o alumnado da Universidade de Vigo que, mediante o oportuno procedemento, adapte ao grao os seus estudos de licenciatura, diplomatura, enxeñaría ou enxeñaría técnica.

Número máximo de prazas a cubrir:

- a) A admisión de estudantes estará en función da capacidade do centro e dos seus recursos dispoñibles. Para estes efectos, as xuntas de centro, no seu caso, proporán motivadamente o número máximo de prazas que poderán ser cubertas en cada curso académico en cada titulación.

b) O número de prazas será, polo menos, o 2% do total das prazas ofertadas en cada titulación para alumnado de novo ingreso. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo.

4. Os criterios de admisión serán establecidos polos centros mediante acordo motivado da Xunta de centro, e publicaranse na páxina web dos mesmos.

Este acordo deixa sen efecto a anterior normativa, aprobada na sesión do Consello de Goberno de 29/03/2011.